



Obradoiro "Avaliación do risco e necesidades en nenos e nenas e adolescentes en situación de desprotección e conflito social"

DOCENTE

Lorena Maneiro Boo.

ORGANIZA

Sección de Psicoloxía Xurídica do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

COORDINA

Ricardo Fandiño Pascual (G-1955).

DURACIÓN

10 horas.

DATAS E HORARIO

Sábado 25 de marzo de 2023.
De 09:00 a 14:00 horas e de 16:00 a 21:00 horas.

LUGAR

Escola Galega de Administración Pública (EGAP) en Santiago de Compostela.

PRAZAS

30.

PREZO

Membros da Sección de Psicoloxía Xurídica do COPG, Psicólogos/as demandantes de emprego, estudantes de 4º curso do grao de psicoloxía, master ou doutoramento.....20,00€
Psicólogos/as colexiados/as.....40,00€
Psicólogos/as non colexiados/as.....80,00€

*Neste curso podes optar ás prazas gratuítas para colexiadas e colexiados desempregados. Bases no seguinte enlace:
https://copgalicia.gal/system/files/PDFs/xerais/axudas_formacion_para_colexiados_e_colexiadas.pdf



Obradoiro "Avaliación do risco e necesidades en nenos e nenas e adolescentes en situación de desprotección e conflito social"

PROGRAMA

1. Delimitación conceptual e marco de actuación no Sistema de Xustiza Xuvenil.
 - 1.1. Tipoloxía delituosa e perfil psicosocial de menores en cumprimento de medidas xudiciais.
 - 1.2. Fundamentos de valoración do risco e implicacións para a prevención e intervención.
 - 1.3. Ferramentas de valoración do risco: contribucións e limitacións.
 - 1.4. Caso práctico.
2. Delimitación conceptual e marco de actuación no Sistema de Protección á infancia e Adolescencia.
 - 2.1. Detección, valoración e toma de decisións en situacións de desprotección.
 - 2.2. Medidas de protección: Acollemento familiar e acollemento residencial.
 - 2.3. Perfil de menores en situación de desproteccións e implicacións para a avaliación e intervención.
 - 2.4. Caso práctico.

OBXECTIVOS

- Profundar nos diferentes perfís de menores en situación de desprotección e conflito social, así como as súas necesidades e consecuencias derivadas das situacións de vulnerabilidade.
- Identificar e analizar os factores de risco e de protección máis relevantes de cara á prevención e intervención con menores no Sistema de Protección á Infancia e Adolescencia e no Sistema de Xustiza Xuvenil.
- Dar a coñecer algunhas das ferramentas de avaliación do risco e nas necesidades que están a empregar na actualidade en Galicia con menores en situación de desprotección e conflito social.

METODOLOXÍA

Clase expositiva, exemplificación e resolución de casos prácticos. Facilitarase ás persoas participantes material específico para un correcto seguimento do obradoiro e dos casos prácticos.



Obradoiro "Avaliación do risco e necesidades en nenos e nenas e adolescentes en situación de desprotección e conflito social"

DOCENTE

LORENA MANEIRO BOO

Investigadora posdotoural no grupo Underisk da Universidade de Santiago de Compostela, especializada na avaliación de menores en situación de risco e vulnerabilidade social.

Leva máis de dez anos colaborando con diferentes recursos de reforma e de protección á infancia e adolescencia no desenvolvemento de estudos e investigacións para mellorar o benestar de nenos, nenas e adolescentes. No ano 2017 participou nun proxecto de voluntariado europeo dirixido á atención de nenos e nenas nun centro de acollemento residencial en Graz (Austria).

Dende o ano 2019 ata o 2022 realizou a súa investigación no Instituto de Educación e estudos de nenos da Universidade de Leiden (Países Baixos). A súa liña de investigación céntrase no estudo dos perfís e traxectorias de desenvolvemento psicosocial dos nenos, nenas e adolescentes en acollemento residencial. Para iso, deseñou un protocolo de avaliación para menores en situación de desprotección, o cal está sendo avaliado actualmente en máis de 25 recursos residenciais en Galicia.

Como resultado da súa investigación e da colaboración con outros grupos en diferentes países publicou varios artigos científicos, capítulos e libros

INSCRICIÓN

A través do correo electrónico do COPG (copgalicia@copgalicia.gal) remitindo o boletín de inscrición xunto coa copia da transferencia bancaria a nome do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia na conta corrente IBAN Nº ES64 2080 0316 2330 4000 8164 de ABANCA ou a través da Sede Electrónica do COPG. Respetarase rigorosamente a orde de entrada das inscricións realizadas.

O curso terá un mínimo de asistentes, tendo preferencia os membros da Sección de Psicoloxía Xurídica do COPG, podendo suspendelo o Colexio no caso de non obter un número de suficientes inscricións.

Ao día seguinte de rematar o prazo de inscrición comunicarase por e-mail a admisión ou non admisión.

Ao finalizar o curso entregarase o correspondente certificado de asistencia, para o que será necesario ter asistido ao 80% da sesión.

Non se poderá anular a inscrición nin se devolverá o importe da matrícula fóra do prazo sinalado para a inscrición.

Deberase estar ao corrente no pago das cotas colexiais. Para as tarifas de demandante de emprego, axuntarase informe de situación administrativa actual ou informe demandante de emprego, asinado pola persoa responsable da oficina do Servizo Público de Emprego de Galicia con data actual e a tarxeta de demandante de emprego. Os e as estudantes do derradeiro ano de Psicoloxía terán que presentar copia da matrícula. As psicólogas e psicólogos non colexiados deberán presentar o título de Licenciatura ou Grao en Psicoloxía.

Último día de inscrición: 21 de marzo de 2023.